

CONVENIO DE COOPERACION EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Santiago de Compostela, 07 de abril de 2022

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ponse unha especial énfase na realización de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral. É por iso que,

COMPARECEN

Por unha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, de acordo co Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1 983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (*Diario Oficial de Galicia*, número 82, do 30 de abril de 1991).

Por outra banda; Don Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, NIF Q6550005J, que actúa en nome e representación dela, e en virtude do seu nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020, de 9 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Ley Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro.

Ambos asinantes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, polo que:

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade da Coruña, e as seguintes,

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social (en adiante Consellería) e a Universidade da Coruña (UDC) para a realización das prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares (en diante, prácticas) nos centros, órganos e/ou unidades da Consellería.

Poderán realizar estas prácticas os estudantes que cumpran os requisitos do art. 8.2 do Real decreto 592/2014, de 11 de xuño, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, das seguintes titulacións da UDC:

- Grao en Enfermaría
- Grao en Fisioterapia
- Grao en Logopedia
- Grao en Terapia Ocupacional
- Grao en Educación Social
- Grao en Educación Infantil
- Mestrado Universitario en Discapacidade e Dependencia
- Mestrado Universitario en Xerontoloxía
- Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías
- Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria
- Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada
- Mestrado Universitario en Psicopedagogía

Este convenio poderá ampliarse a outras titulacións que garden relación coas prestacións competencia da Consellería. A estes efectos poderase asinar unha adenda ó presente documento.

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias

que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

SEGUNDA.- Centros de realización das prácticas

A Consellería facilitará a utilización dos centros e/ou unidades que se sinalan de seguido para o cumprimento do obxectivo deste convenio:

- Centros de menores de titularidade propia da Xunta de Galicia.
- Centros de atención a persoas con discapacidade, centros residenciais e de atención diúrna de titularidade propia da Xunta de Galicia.
- Albergues, campamentos xuvenís, residencias de tempo libre e centros sociocomunitarios de titularidade propia da Xunta de Galicia.
- Servizos e unidades das xefaturas territoriais da Consellería.

A presenza dos estudantes nos ditos centros e/ou unidades non afectará de ningún xeito ó normal funcionamento deles.

TERCEIRA.- Duración

A duración das prácticas será a seguinte:

- a) As prácticas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos no artigo 14.5 do Real decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade. As prácticas levaranse a cabo de conformidade co calendario aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.
- b) As prácticas extracurriculares que, durante o período lectivo non excederán as 750 horas, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, atendendo ao disposto no art. 14 do Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da UDC, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.
- c) Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da Consellería. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación que o alumnado desenvolva na UDC.
- d) Excepcionalmente, nos casos en que o alumnado teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a súa titulación oficial, poderá realizarse unha xornada ampla, sen superar as 40 horas semanais e 8 diarias e sempre coa autorización da persoa titora académica.

CUARTA.- Proceso selectivo

Para a realización das prácticas, a UDC seleccionará aos destinatarios destas entre o alumnado daquelas titulacións que garden relación coas materias competencia da Consellería, en función do número de prazas ofertadas pola Consellería. Unha vez

seleccionados/as estudantes a UDC realizara unha planificación formativa e remitirá unha proposta á Consellería, a cal poderá rexeitala de xeito motivado.

QUINTA.- Obrigas e dereitos dos estudantes

Durante a realización das prácticas, o/a estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Consellería; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Consellería (mesmo unha vez finalizado o contrato de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Dado o carácter formativo das prácticas os/as estudantes non poderán asinar nin asumir responsabilidades sobre informes nin actuacións que requiran cualificación profesional.

Aos estudantes garantiráselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos no departamento onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.
- c) Á obtención dun informe por parte da consellería onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- e) A recibir, por parte da consellería, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- f) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á consellería.
- g) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación a ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- h) A conciliar, no caso dos estudante con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- i) Gozaren dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o/a estudante terá que elaborar unha memoria final da que fará entrega ao titor ou á titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollese as seguintes informacións:

- a) Datos persoais do ou a estudante.
- b) Centro, órgano ou unidade na que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.

- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Consellería a que foi asignado/a.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

SEXTA.- Obrigas da Consellería

A Consellería comprométese, en colaboración coa UDC, a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos dos estudantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal.

En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Consellería expedirá ao ou á estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou a estudante.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso daqueles estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa
- h) Implicación persoal
- i) Motivación
- j) Receptividade ás críticas
- k) Puntualidade
- l) Relacións co seu entorno laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo

SÉTIMA.- Obrigas da UDC

A UDC comprométase a pór a disposición dos estudantes os modelos de solicitude para participar no programa de prácticas, así como a pór a disposición da Consellería os modelos para que esta lle traslade a súa oferta de prácticas.

De igual xeito, a UDC comprométase a convocar, difundir entre o seu estudantado e tramitar as ofertas de prácticas que reciba da Consellería no marco deste convenio.

OITAVA.- Relación entre a Consellería e os estudantes en práctica

A realización das prácticas por parte dos/as estudantes, ó amparo deste convenio, non constitúe vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre estes e as partes asinantes, nin contraprestación económica algunha durante as prácticas, non sendo aplicable o Estatuto dos Traballadores.

A Consellería poderá interromper unhas prácticas cando considerar que o/a estudante vulnerou gravemente as súas abrigas, o que lle comunicará ao ou á representante do centro e á UDC.

Se o/a estudante se incorpora á Administración autonómica da Xunta de Galicia ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará aos efectos de antigüidade, nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación tivese estipulado algo distinto.

NOVENA.- Titores

Os estudantes en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha titoría académica e outra profesional. O titor ou a titora académico/a será un/ha profesor/a da UDC, mentres que o titor ou a titora profesional será un/ha profesional da Consellería. Os dous titores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudantes durante as súas prácticas, asistirános no que for preciso e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os titores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os titores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora ou da actividade universitaria, no seu caso, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da UDC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade e o acceso á entidade, no seu caso, para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os titores profesionais deberán cumprir as abrigas seguintes:

- a) Acoller o estudante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.

b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.

c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.

d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa e no correspondente anexo, incluíndo aquelas modificación do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.

e) Emitir os informes que corresponda.

f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.

g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.

h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.

i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.

j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.

k) Prestara axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.

b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.

c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.

d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudantes tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudante e o informe do titor ou a titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.

e) Gardar confidencialidade na relación con calquera información que coñeza coma consecuencia da súa actividade como titor.

f) Informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

g) Supervisar, e no seu caso solicitar, a axeitada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

DÉCIMA.- Seguro escolar

Os estudantes menores de 28 anos están cubertos polo seguro escolar obrigatorio que pagan coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar un seguro, aos referidos efectos, de conformidade co establecido polo regulamento de prácticas académicas externas da UDC.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente puiden ocasionarse quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para estes efectos.

Do presente convenio non se derivará para a Consellería de Política Social nin para ningún dos seus centros ou unidades dela dependentes, obriga algunha referente a calesquera dos rexímenes da Seguridade Social.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Desenvolvemento do convenio

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou da estudante; o centro, órgano ou entidade na que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante.

Os anexos serán asinados polos estudantes, unha persoa representante da Consellería e outra representante da UDC ou da titulación impartida.

En caso de incumprimento, a Consellería poderá instar a rescisión anticipada das prácticas. O recoñecemento académico das prácticas académicas externas realizarase de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola Universidade da Coruña, e incorporase ao Suplemento Europeo ao Título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto de este convenio de colaboración crearase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións as que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio e anexos.

Nesta comisión actuarán como representantes, por parte da Consellería de Política:

- O/A secretario/a xeral técnico/a da Consellería de Política Social ou a persoa que o/a supla.
- O/A subdirector/a xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social ou a persoa que o/a supla.

E por parte da UDC:

- O reitor da Universidade da Coruña ou a persoa que o supla.

- A vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade ou a persoa que a supla.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Impulsar e desenvolver o convenio.
- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A comisión reunirse coa frecuencia que determinen os seus membros e a ela poderán ser convocados aqueles técnicos que, con carácter asesor, designen as partes.

DÉCIMO TERCEIRA.- Modificación e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto. Para a ampliación das titulacións da UDC nas que deben estar matriculados os/as estudantes formalizarase o acordo a través dunha addenda. Noutros casos, o acordo de modificación requirira a sinatura dun novo instrumento xurídico.

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables as partes.
- O mutuo acordo.

DÉCIMA CUARTA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, palas normas de dereito privado.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e execución do presente convenio, deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta de Seguimento. De non acadarse tal acordo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade e rexistro do convenio

Estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos

Das actividades realizadas nos centros e/ou unidades, ambas as partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso, garantindo o total cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Igualmente comprométese a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados, en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Así mesmo, os datos relativos aos centros de menores, calquera outro tipo de centros de servizos sociais e as xefaturas territoriais desta Consellería (o seu funcionamento, actividades, programas, persoal, etc.) que o alumnado universitario puidese coñecer e utilizar en traballos de natureza académica non poderán facerse públicos de ningún modo e, por suposto, en ningún medio de comunicación público ou privado, agás que a Consellería de Política Social autoríceo expresamente.

Ambas as partes acordan someterse en canto ao tratamento dos datos persoais dos/as estudantes que teñan acceso a estas prácticas ao establecido na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Sen prexuízo de que a Consellería de Política Social pode solicitar o consentimento do/a interesado/a para incorporar os seus datos persoais e un ficheiro propio do que sexa responsable, terá en todo caso a consideración de encargado de tratamento por conta da Universidade da Coruña respecto dos datos persoais dos/as estudantes en prácticas que sexa necesario tratar para cumprir coas finalidades previstas neste convenio. As correspondentes convocatorias advertirán aos/as interesados/as destas circunstancias.

DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos, a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser prorrogado por outro período de ata 4 anos adicionais, por acordo unánime das partes.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en toda as estipulacións, e, coma proba de conformidade subscríbese no lugar e data da súa sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

O REITOR DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA

Fabiola García Martínez

Julio Ernesto Abalde Alonso

ANEXO I – ACEPTACIÓN E PROXECTO FORMATIVO

Ao convenio de colaboración con _____ Indicar nome entidade/empresa__ para a realización de prácticas externas.

O/a alumno/a que firma abaixo acepta para participar no programa de prácticas externas _____ Indicar se son Curriculares/Extracurriculares__ da _____ Indicar nome Facultade/Escola Universitaria__ da Universidade da Coruña ao abeiro do convenio de cooperación educativa con _____ Indicar nome entidade/empresa__, con CIF _____ e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no devandito convenio.

DATOS DO/DA ALUMNO/A

NOME E APELIDOS:			
DNI:	DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	CP	PROVINCIA:	PAÍS:
TELÉFONO1:	TELÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:	
TITULACIÓN:			

DATOS DA ENTIDADE/EMPRESA

NOME E APELIDOS: ----- Nome e apelidos persoa contacto entidade/empresa -----		
DNI:	DIRECCIÓN: -----Dirección da entidade/empresa-----	
TELÉFONO1:	TELÉFONO2 (opcional)	CORREO-e:

DATOS DA PRÁCTICA

DIRECCIÓN LUGAR DE PRÁCTICAS: ----- Indicar dirección lugar de prácticas -----			
DATA INICIO DA PRÁCTICA: ----dd/mm/aaaa--	DATA FIN DA PRÁCTICA: ----dd/mm/aaaa----	Nº HORAS:	CRÉDITOS ECTS:
XORNADA	BOLSA ¹ : SI / NO	CONTÍA € /MES: cantidad	Forma pago: Conta bancaria
HORARIO(Indicar, se còmpre, días semana) ² :			

PERSOAS TITORAS

TITOR/A ENTIDADE: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas entidade/empresa -----
TITOR/A UDC: ----- Indica nome e apelidos titor/a prácticas UDC -----

¹ Bolsa ou axuda de estudos (de ser o caso) que a entidade ou empresa lle concederá ao/á alumno ou alumna/qa e forma no que será satisfeita (no caso de ser remunerada deberá cumprir coas obrigas que dita a dita normativa tributaria e cotización á Seguridade Social).

² Concretar o horario de inicio e fin en formato HH:MM tanto se se trata dun horario en xornada continua como en xornada partida. No caso de que o horario varíe segundo os días da semana é necesario indicar a dita variación.

PROXECTO FORMATIVO

Descrición das tarefas ou actividades formativas relacionadas cos seus estudos que realizará o/a alumno/a

Coñecementos específicos que deberá posuír o/a alumno/a antes de realizar as prácticas

Formación e competencias que adquirirá o/a alumno/a cando remate as prácticas

Forma prevista para o seguimento, orientación e avaliación do/da alumno/a durante as prácticas

O/a alumno/a que firma abaixo declara a súa conformidade para realizar prácticas, ao abeiro do nomeado convenio que se atén á lexislación vixente. Así mesmo, comprométese a manter a máis estrita obriga de confidencialidade sobre toda a información á que poida ter acceso, como consecuencia da realización das prácticas obxecto do presente convenio e deberá dar o seu consentimento asinando o documento de **información sobre protección de datos persoais para o alumna-do de prácticas externas da UDC** que forma parte do trámite de xestión destas prácticas.

En proba de conformidade asinan este documento por triplicado,

A Coruña, __ día __, de __ mes __, de __ ano __

Titor/a da entidade ou empresa	Estudante	Titor/a da UDC
Ado.: Nome e apelidos titor/a entidade Cargo: Posto que ocupa na empresa	Ado.: Nome e apelidos estudante	Ado.: Nome e apelidos titor/a UDC Cargo: Posto que ocupa na UDC

NOTA. Este anexo cubrirase por triplicado: 1 exemplar para o centro, 1 exemplar para a entidade ou empresa e 1 exemplar para o alumno ou alumna
 SR./SRA. DECANO/A, DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE _____ Indica nome Facultade ou Escola Universitaria onde cursa estudos__ DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II-MEMORIA FINAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO

Memoria final do alumnado relativa ao convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas entre a Universidade da Coruña, e a entidade colaboradora _____Indicar nome da entidade_____, e o/a estudante _____Indicar nome e apelidos estudante_.

Datos estudante

Nome e apelidos	
DNI	
Estudiante de	_____Indicar estudos que está a cursar__
Facultade	_____Indicar nome da Facultade/Escola Universitaria onde cursa estudos__

Datos entidade colaboradora

Entidade colaboradora	_____Indicar nome da entidade__
CIF	
Enderezo onde se desenvolveron as prácticas	_____Indicar dirección completa do lugar onde realizou as prácticas__
Área/Departamento/Servizo onde se desenvolveron as prácticas	_____Indicar nome da Área/Departamento/Servizo onde realizou as prácticas
Data inicio das prácticas	___ dd/mm/aaaa ___
Data fin das prácticas	___ dd/mm/aaaa ___
Número total de horas realizadas	

Descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas

Valoración das tarefas desenvolvidas e os coñecementos e competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios recibidos

Relación dos problemas encontrados e dos procedementos seguidos para resolvelos

Identificación das melloras que, en materia de aprendizaxe, supuxo a estadía de prácticas

Avaliación final das prácticas e suxestións

Data e sinatura

A Coruña, a _día_ de _mes_, de __ano_

Asdo: _____Indicar nome e apelidos estudante__

SR./SRA. DECANO/A DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE
_____Indicar nome da Facultade/Escola Universitaria onde cursa
estudos____ DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO III – INFORME TITOR/A PROFESIONAL DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario. Remítalo por correo, fax ou mail ao enderezo de contacto. Esta información será utilizada para a avaliación definitiva do/a estudante.

O/a titor/a D./D^a. _____Indicar nome e apelidos titor/a da entidade/empresa_ con DNI: _____

Nomeado/a pola empresa/institución: _____Indicar nome da entidade/empresa__

Informa sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo/a alumno/a:

Apelidos e Nome : _____

DNI: _____

Centro: _____Indica nome da Facultade ou Escola Universitaria onde cursa estudos__

Titulación: _____Indicar estudos que está a cursar (Grao, Mestrado, etc.)____

Período de realización das prácticas (datas): _____do dd/mm/aaaa ai dd/mm/aaaa

Horas de prácticas realizadas: _____

Que as tarefas desenvolvidas polo/a alumno/a durante o período de prácticas adecuáronse ao establecido no proxecto formativo e merece a seguinte valoración:

EXCELENT E	MOI BO/BOA	BO/BOA	REGULAR	DEFICIENT E
---------------	---------------	--------	---------	----------------

- Nivel de coñecementos previos
- Grao de cumprimento do seu horario e tarefas
- Nivel de iniciativa
- Nivel de esforzo
- Calidade dos traballos realizados
- Capacidade para resolver problemas
- Nivel de competencias demostrado

Nivel de integración na empresa /
institución

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

De ser o caso, achego unha folla complementaria

A Coruña, _día__, de _mes_, de _ano__

Asdo.: _____Nome e apelidos titor/a entidade/empresa_

SR./SRA. DECANO/A DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE _____Indicar
nome da Facultade ou Escola Universitaria onde cursa estudos_, DA UNIVERSIDADE
DA CORUÑA

ANEXO IV - INFORME TITOR/A ACADÉMICO/A DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Cumprimente este formulario tendo en conta o informe presentado polo alumno/a e o informe da persoa titora profesional. Esta información será utilizada para a avaliación académica do/a estudante.

O/a titor/a académico/a D./Dña.:_____ Nome e apelidos titor/a UDC _
con DNI:_____

INFORMA sobre as tarefas realizadas durante o período de prácticas externas polo alumno/a:

Apelidos e Nome: _____Nome e apelidos alumno/a _

DNI: _____

Centro:_____Nome Facultade/Escola Universitaria onde cursa estudos _____

Titulación: _____Indicar os estudos que está a cursar (Grao, Mestrado, etc.)__

Data de inicio das prácticas (día/mes/ano): __dd/mm/aaaa__

Data de fin das prácticas (día/mes/ano): __dd/mm/aaaa__

Que a labor do alumno/a merece a seguinte valoración:

Créditos solicitados:	Horas realizadas:	Créditos realizados:
Cualificación asignada ao informe presentado:		

CUALIFICACIÓN FINAL OUTORGADA:

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

De ser o caso, achege unha folla complementaria

A Coruña, _día_ de _mes_, de _ano_